




PLAN DE ACOLLIDA Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021



CEIP DAS VENDAS DA BARREIRA



ÍNDICE

- a) Introducción - contextualización
- b) Normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.



a) INTRODUCCIÓN

Como é sabido, o coronavirus SARS- CoV-2 é un virus que se transmite por vía respiratoria aínda que tamén é posible o contaxio ao tocar unha superficie, un obxecto ou a man dunha persoa infectada. O período de incubación pode variar entre 2 e 14 días. Por iso, as mellores medidas de protección son o illamento de persoas contaxiadas e portadoras do virus e a hixiene persoal.

Por ese motivo, e coa información dispoñible neste momento, enténdese necesaria a adopción dunha serie de medidas que protexan a nosa comunidade educativa no desenvolvemento da actividade presencial docente. Neste protocolo xeral, cuxa misión é desenvolver a actividade docente presencial garantindo as condicións de seguridade e saúde das persoas, isto é, garantir o dereito a unha educación de calidade do noso alumnado en condicións de seguridade e saúde, tanto para o persoal do centro educativo como para o alumnado, relaciónanse unha serie de medidas de tipo organizativo, hixiénicas e técnicas a poñer en marcha.

Con todo, o Protocolo ten un carácter dinámico e actualizarase en todo momento segundo as directrices establecidas polas autoridades sanitarias. O Plan de Adaptación á situación COVID para o curso escolar 2020/2021 ten a finalidade de establecer pautas de actuación para organizar e reforzar as medidas hixiénicas que se tomarán no CEIP das Vendas da Barreira e dar a coñecer as medidas de prevención e actuacións que se deben poñer en marcha na institución educativa fronte a COVID-19 durante o actual curso 2020-2021.

O obxectivo deste Plan de Adaptación é o seguinte:

Crear unha contorna escolar saudable e segura no CEIP das Vendas da Barreira mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e a súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.



b) Normas de organización e funcionamento do centro.

Seguindo o Plan de Adaptación do CEIP das Vendas da Barreira achégase a organización e instrucións de funcionamento para a Comunidade Educativa.

ENTRADAS E SAÍDAS

Entradas

Tódolos docentes estarán no centro ás 9:00h agás a persoa que teña garda de transporte que deberá facelo atendendo ao seguinte horario:

- 8:45 h. con xornada única**
- 8:50 h. con xornada partida**

O mestre/a con garda de transporte será o encargado da desinfección de mans e de acompañar ao alumnado ás distintas titorías. Nas distintas titorías un mestre/a farase cargo do alumnado ata o inicio da actividade lectiva.

QUENDAS DE GARDA DE TRANSPORTE (8:45 ou 8:50)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ana D.	Teté	Diego	Rebeca	Silvia

ATENCIÓN AO ALUMNADO DENDE A CHEGADA DO TRANSPORTE ATA O INICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Infantil	Teté	Diego	Teté	Teté	Teté
1º 2º 3º	Silvia	Silvia	Silvia	Silvia	Diego
4º 5º 6º	Rebeca	Rebeca	Rebeca	Diego	Rebeca

*Ana D. Será a encargada de cubrir as ausencias do profesorado.



Saídas

O mestre/a que estea coa alumnado na última sesión será o encargado de levalo ao autobús. A saída será de xeito gradual e **cómpre a máxima puntualidade.**

Infantil	15:25
1º 2º 3º	15:30
4º 5º 6º	15:35

QUENDAS DE GARDA NO RECREO

Cada mestre/a fará garda cun grupo de alumnos/as nun espazo diferenciado e velará para que se respecte a distancia de seguridade.

***En caso de chuvia TODO o alumnado quedará na aula co mestre/a que tiña garda.**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Infantil	Ana OR PD	Clara AL P	Teté PT	Teté PD	Diego P
1º 2º 3º	Ana D PT	Ana D PD	Silvia P	Relixión PT	Silvia PD
4º 5º 6º	EF P	Diego PT	Ana OR PD	EF P	Ana D PT

PD: patio dianteiro

PT: patio traseiro

P: pavillón

*A saída e entrada do recreo tamén será de xeito gradual.

	SAÍDA	ENTRADA
Infantil	10:55	11:25
1º 2º 3º	11:00	11:30
4º 5º 6º	11:05	11:35

Uso dos aseos no tempo do recreo.

Os mestres/as velarán para que na medida do posible o alumnado empregue os aseos antes ou despois do recreo. En caso que sexa imprescindible ir ao baño o alumnado e sempre de un en un empregará o baño que ten asignado.



INSTRUCCIÓN XERAIS

- As familias **non accederán ao recinto escolar**, agás nos casos autorizados.
- Disporase do número de ***mestres de garda precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade***, é a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo.
- Os ***grupos de convivencia estable*** cuxos membros poden socializar e xogar entre si farano mantendo a distancia interpersonal. Estes grupos de convivencia estable non terán interacción con outros grupos do centro educativo.
- ***Titorías coas familias***: As titorías levaranse a cabo os luns de 15:45 h a 16:45h con cita previa empregando as canles habituais: Abalarmóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica.

Serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais (só en casos moi excepcionais), terán lugar na aula da titoría do alumno e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

-Este curso ***non se realizarán actividades nin celebracións*** no centro.

-***Aforos***: A limitación do aforo para os baños será de 1 usuario, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.

-De forma xeral, manterase unha ***distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros*** nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

-***En educación infantil e na educación primaria***, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, mantendo a distancia de polo menos 1.5 metros nas interaccións. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

-***A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula***, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras. Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

- Retirarase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible.
- Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como laboratorios, aulas de música ou similares.

-***No comedor escolar***: ao alumnado estará separado por 1,5 metros de distancia e sentados en oblicuo. Terán postos fixos durante todo o ano e accederán e sairán do comedor coa máscara posta.



REUNIÓN COAS FAMILIAS

O mércores 9 de setembro realizaranse diversas reunións con toda a comunidade educativa seguindo o horario que figura a continuación:

-Educación Infantil: 16:00 horas

-1º, 2º e 3º de Educación Primaria: 17:30

-4º, 5º e 6º de Educación Primaria: 19:00

O obxectivo da reunión é proporcionar unha información xeral sobre os aspectos máis importantes do curso e no que se explicará o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 do CEIP das Vendas da Barreira para o curso 2020-2021. Só se permitirá a asistencia dun membro por familia.

Horario do primeiro día

-Día 10 de setembro: Infantil de 3 anos, Infantil de 4 anos, 1º, 2º e 3º ás 09:15.

-Día 11 de setembro: Infantil de 5 anos, 4º, 5º e 6º ás 9:15.

Os días 10 e 11 de setembro o profesorado titor/a estará na súa aula durante toda a xornada lectiva e o profesorado especialista acudirá a aula que lle corresponda segundo o seu horario para coñecer ao seu novo alumnado e en caso necesario colaborar cos tutores/as.

As actividades destes primeiros días deben centrarse no aspecto emocional do alumnado transmitindo as novas normas e axudando a que se atopen o máis cómodos, seguros e tranquilos posible.

c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Membros do equipo COVID.

-O CEIP das Vendas da Barreira conta cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e un membro do profesorado, correspondendo á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros.

-Tamén lle corresponderá á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración.



-O CEIP das Vendas da Barreira establece unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa sendo esta tal e como se recolle no seu Plan de Comunicación a través das seguintes canles:

- O teléfono do centro educativo: 988 42 50 38
- Mensaxes individuais ou grupais a través da aplicación ABALARMÓBIL.
- Correo electrónico do centro educativo: ceip.vendas.dabarreira@edu.xunta.gal
- A páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvendasdabarreira/>

-Composición do equipo COVID:

- Coordinadora: D^a. Ana M^a Calvo Cendán.
- Membro e suplente da coordinadora: D^a. Silvia Suárez Pérez

Medidas de prevención e hixiene básicas

-No curso escolar 2020/2021 o CEIP das Vendas da Barreira constitúe 3 grupos estables de convivencia, 1 grupo na etapa de Educación Infantil e 2 grupos na etapa de Educación Primaria.

-O uso da máscara é obrigatorio dende o 1^o curso de Educación Primaria e ALTAMENTE recomendable para o alumnado de Educación Infantil.

-Medias de carácter xeral:

-O uso da máscara é obrigatorio no alumando de Educación Primaria, o non uso da mesma ten a consideración de condutas leves contrarias á convivencia nos supostos de incumprimento por parte do alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.

- De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de, polo menos, 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

-Realizarase unha hixiene das mans de forma frecuente e meticulosa polo menos á entrada e á saída do centro educativo, antes e despois do patio, de comer, e sempre despois de ir ao aseo e, en todo caso, un mínimo de cinco veces ao día.

- O alumnado recibirá educación para a saúde para posibilitar unha correcta hixiene das mans e hixiene respiratoria e o uso adecuado da máscara.

-O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, os pais, nais e outras figuras parentais, ou o alumnado maior de idade, de



que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. Os centros educativos poden establecer mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada a estes ou unha declaración responsable dos proxenitores. (Anexo I, declaración responsable ao que se lle adxunta a auto enquisa).

- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a súa ausencia. Utilizarase a enquisa clínicoepidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

-O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse ao centro educativo, senón que deberase adoptar polo persoal do centro educativo as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a súa ausencia.

-As familias **tomarán diariamente a temperatura dos seus/súas fillas** antes de acudir ao colexio

-Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.

-Recoméndase ao alumnado de Educación Infantil o uso de máscara de protección na circulación polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas do comedor escolar e nas estancias comúns como é a biblioteca escolar.

-Uso obrigatorio da máscara por parte do profesorado e persoal non docente de forma continua non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante. O incumprimento por parte do profesorado e persoal non docente no uso das máscaras estarase ao previsto na súa normativa.

-Corresponde ao profesorado manter unha **conduta exemplarizante** no cumprimento das medidas de protección aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a



concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

-O profesorado disporá dunha **dotación de material de hixiene**. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

-En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

- **Uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado** aínda que non se prohibe para as persoas que voluntariamente as usen recomendándose o seu uso aos mestres/as de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.

-No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.

-O CEIP das Vendas da Barreira informará a todos os membros da comunidade educativa sobre **AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA INFECCIÓN**, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.
- Habilitar dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo) ademais de medidas de educación sanitaria.



- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.

-Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de **medidas de hixiene respiratoria**:

- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

Accións dentro da aula:

-O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

-Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome. Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito máis individualizado posible.

-No caso de que sexa necesario empregar material común unha vez rematado o traballo con este material terá que ser desinfectado e lembrárselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans.

-Evitarase o desprazamento do alumnado dentro e fóra da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

-O alumnado deberá traer unha máscara de recambio así como un estoxo para gardala de tela ou papel.

-Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, saír ao patio ou as aulas de desdobre e apoio deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada. A regra básica é ir pegados a parede polo seu lado dereito.

Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

-En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).

-O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral (labras de lapis, plásticos que non sexan de reciclaxe...)



- A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar riscos ao persoal de limpeza.
- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

O CEIP das Vendas da Barreira crea as diferentes aulas virtuais na dirección electrónica:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvendasdabarreira/aulavirtual/>

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de primeiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

Na Educación Infantil, no primeiro e segundo cursos de Educación Primaria no que non se usen aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia a través da páxina web do colexio

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvendasdabarreira/>

e sistemas de comunicación como o correo electrónico e a aplicación abalar móbil quedando recollido na programación didáctica e no Plan de Comunicación do CEIP das Vendas da Barreira.

Corresponde ao equipo TIC, asistido de ser o caso polos asesores Abalar, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual. Durante o mes de setembro, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado.

Durante o mes de setembro realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos



cursos, e da formación dispoñible (os coordinadores TIC poderán crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso).

Durante o mes de setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as do alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual.

Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector o seu usuario e clave.

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán á Dirección.

O Dirección realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

Continuarase coa oferta de formación en aulas virtuais durante o curso escolar 2020/2021 a través dos cursos que oferte o CFR.

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

A emerxencia sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 situounos perante o maior reto educativo dos últimos tempos. Todos os axentes educativos estamos a asumir responsabilidades ata o de agora descoñecidas, nun clima de alta incerteza que se estende a moitas das situacións que vivimos, e tamén a aquelas máis directamente relacionadas coa acción docente.

A día de hoxe non sabemos con certeza en que escenario transcorrerá o proceso de ensino-aprendizaxe no inicio de curso 2020-21. Agora ben, somos conscientes de que, se en situacións normais o comezo de curso é un momento sensible e importante, o impacto da situación extraordinaria vai incrementar a necesidade de traballar no inicio do curso 2020-21 os aspectos socioemocionais do alumnado e a posta en marcha de



dinámicas de cohesión grupal que permitan o seu correcto desenvolvemento. Sen perder de vista a importancia doutros ámbitos de aprendizaxe, consideramos que é unha medida prioritaria a desenvolver nos nosos centros educativos coñecer e compartir as vivencias e experiencias do alumnado, as súas emocións e sentimentos tanto positivos como negativos, así como comprender as estratexias que desenvolveron para afrontar os acontecementos dos últimos meses e o nivel de impacto na súa situación de benestar actual.

Todo iso permitirá levar a cabo unha intervención educativa axustada a cada unha das realidades na que se atopan.

Será fundamental, por tanto, que nesta **fase de acollida** acumúlense forzas e invístase tempo de calidade no coñecemento e mellora do benestar socio-emocional de todo o alumnado (e da comunidade educativa en xeral).

Doutra banda, a pandemia e a situación de emerxencia sanitaria supuxeron novas aprendizaxes, tanto no ámbito persoal como colectivo, nos sistemas que organizan as nosas vidas e nos modos de relación tanto no ámbito social como educativo. A escola está a ter a oportunidade de recoñecer e poñer en valor as situacións vividas, para permitir que o seu alumnado as transforme en aprendizaxes positivas, aprendizaxes para a vida.

A partir da información recollida, tanto no traballo realizado en xuño como na comunicación mantida coas familias, e a través da evocación de experiencias e vivencias derivadas da situación de alarma, identificar sentimentos e emocións que contribúan á reconstrución socio-afectiva.

Así mesmo, identificar e valorar as estratexias de aprendizaxe e desenvolvemento persoal adquiridas a partir da experiencia vivida, para utilizalas en situacións de incerteza e de coidado mutuo.

Estrutura e contexto da proposta

Finalidade:

As competencias emocionais son un subgrupo das competencias persoais e constitúen o conxunto de coñecementos e actitudes necesarios para comprender, expresar e regular adecuadamente os fenómenos emocionais das persoas.

Estrutúranse da seguinte maneira:

1. Conciencia emocional: permite percibir o ambiente emocional dun contexto e é a capacidade de apropiarse das propias emocións.
2. Regulación emocional: é a capacidade para manexar adecuadamente as emocións e auto-xestionar as emocións positivas.
3. Autonomía emocional: corresponde á autoxestión persoal.
4. Competencias sociais: axudan a manter boas relacións con outras persoas.



5. Competencias para a vida e o benestar: son comportamentos adecuados e responsables para afrontar adecuadamente retos e situacións excepcionais.

Este modelo de competencias emocionais favorece unha mellor adaptación ao contexto e axuda a afrontar as circunstancias da vida con maiores posibilidades de éxito. A proposta que tes entre mans baséase neste modelo e unha vez garantida a elaboración de dinámicas de cohesión grupal para fomentar o bo ambiente na aula.